

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 20/09/2024**

ASISTENTES

|             |   |
|-------------|---|
| PRESIDENTE: | D. Javier Tourís Romero   |
| SUPLENTE    | D. Jorge Cubela López   |
| VOGAIS:     | D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Isabel Couselo Torres, en substitucióni de D <sup>a</sup> . Luisa<br>María Sánchez Méndez |
|             | D. Rafael Domínguez Artime  |
|             | D <sup>a</sup> . Belén Cachafeiro Anta  |
|             | D. Jesús Vázquez Almuíña  |
|             | D <sup>a</sup> . María Pilar Ramallo Vázquez  |
|             | D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  |
|             | D <sup>a</sup> . María Nava Castro Domínguez  |
|             | D <sup>a</sup> . Ana Laura Iglesias González  |
|             | D. Javier Iglesias Mougán, en substitución de D. Carlos<br>Gómez Prado  |
|             | D. Paco Ferreira González   |
|             | D. Gregorio Luis Agís Gómez   |
|             | D <sup>a</sup> . Nuria Rodríguez Rodríguez  |
|             | D. Gorka Gómez Díaz   |
|             | D <sup>a</sup> . Beatriz Lomba Rodríguez  |
|             | D <sup>a</sup> . María Manuela Rodríguez Pumar  |

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte de setembro do ano dous mil vinte e catro, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024060180)**

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: IN37V8M5TQ84XE07), correspondente á sesión extraordinaria celebrada o seis de setembro do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DAR CONTA DA INCLUSIÓN DA FINCA AREEIRO NA RUTA DOS XARDÍNS DE GALICIA (EXPTE.: 2023028584)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

*“DAR CONTA DA INCLUSIÓN DA FINCA AREEIRO NA RUTA DOS XARDÍNS DE GALICIA (EXPTE.: 2023028584)*

*Os xardíns da Estación Fitopatolóxica Areeiro, da Deputación de Pontevedra, xa forman parte da Ruta dos Xardíns de Camelia de Galicia, segundo informou recentemente o Comité Camelia Galicia.*

*A adhesión da Finca Areeiro á Ruta dos Xardíns foi acordada por unanimidade na reunión deste comité, que tivo lugar no Pazo de Fefiñáns o pasado mes de maio, e que estivo presidida polo vicepresidente do comité, D. Xosé Manuel Merelles Remy, Director da Axencia Turismo de Galicia.*

*A Ruta dos Xardíns de Camelia de Galicia é a única ruta de xardíns de Europa que permite percorrer xardíns públicos e privados, que ten como nexo en común a camelia. A Finca Areeiro conta coa maior colección pública de camelias de Europa, con cerca de 50 especies e 1.400 exemplares, e xa foi nomeado Xardín de Excelencia Internacional en Camelia no 2023 pola Sociedade Internacional da Camelia. Os seus xardíns están abertos ao público durante todo o ano, con visitas guiadas os martes e xoves, e dous sábados ao mes.*



*Incorpóranse ademais a esta Ruta o xardín do Pazo do Faramello, (Rois, A Coruña), e como recursos turísticos asociados o Pazo de Fefiñáns (Cambados), e o Pazo de Casalnovvo (Caldas de Reis) en Pontevedra, e o Museo Camilo José Cela (Padrón) e o Hotel Spa A Quinta da Auga (Santiago de Compostela) en A Coruña.*

*Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica*

*Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica*

*P.A.: Asdo.: Olga María Aguín Casal”*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

**3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DO PROXECTO KIWI-SENS: SISTEMA INTEGRAL DE MONITORIZACIÓN DE CULTIVO MEDIANTE O USO DE TECNOLOXÍAS IOT DE BAIXO COSTE E INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A MELLORA DA XESTIÓN E OPTIMIZACIÓN DO KIWI EN GALICIA (EXPTE.: 2024010071)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

*“DAR CONTA DA CONCESIÓN DO PROXECTO KIWI-SENS: SISTEMA INTEGRAL DE MONITORIZACIÓN DE CULTIVO MEDIANTE O USO DE TECNOLOXÍAS IOT DE BAIXO COSTE E INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A MELLORA DA XESTIÓN E OPTIMIZACIÓN DO KIWI EN GALICIA (EXPTE.: 2024010071)*

*O proxecto KIWI-SENS, que plantexa a monitorización do cultivo do kiwi para optimizar de forma integral o seu manexo e dar un salto cualitativo e cuantitativo na súa produción, foi seleccionado para recibir financiamento por parte da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de proxectos innovadores de grupos operativos da AEI en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola e forestal da Axencia Galega da Calidade Alimentaria de 2024, e do Feader (Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural).*



*A iniciativa, promovida por Kiwi Atlántico, líder do sector, e Areeiro-Depo, referente agronómico de diagnóstico e asesoramento de enfermidades e pragas en Galicia, pretende modernizar os procesos de campo dun froito tan emblemático e estratéxico para Galicia como é o kiwi que, ademais, cultívase en zonas rurais, que se beneficiarán tamén desta dixitalización e creación de novos coñecementos.*

*A Estación Fitopatolóxica Areeiro recibirá unha subvención de 21.000€ para a realización deste proxecto que terá unha duración de dous anos.*

*Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica  
P.A.: Asdo.: Olga MaríaAguín Casal”*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
O secretario da Comisión,  
(*documento asinado electronicamente*)  
Marcos Areán González

